

PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

CEIP A RÚA (CANGAS)

Curso Académico 2014-2015

ÍNDICE

1	XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO: AVALIACIÓN DE NECESIDADES.....	3
2	CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	4
3	COMPETENCIAS BÁSICAS.....	6
4	OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE ORIENTACIÓN.....	6
5	PLANIFICACIÓN XERAL: LIÑAS PRIORITARIAS.....	7
6	ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN.....	9
6.1	PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.....	9
6.1.1	Accións prioritarias.....	9
6.1.2	Obxectivos xerais.....	10
6.1.3	Obxectivos específicos.....	11
	Centrados no alumnado.....	11
	Centrados no equipo docente.....	11
	Centrados nas familias.....	12
	Centrados no Equipo directivo do centro.....	12
6.1.4	Distribución de funcións e responsabilidades respecto da acción titorial.....	12
6.1.5	Coordinación, seguimento e avaliación do PAT.....	15
6.1.6	Ámbitos de intervención.....	16
6.1.7	Coordinación co centro de secundaria.....	18
6.2	PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	19
6.2.1	Obxectivos xerais.....	19
	Obxectivos co alumnado.....	20
	Obxectivos co profesorado.....	20
	Obxectivos co Centro.....	20
	Obxectivos coas familias.....	21
6.2.2	Medidas de atención á diversidade.....	21
6.2.3	Accións prioritarias.....	24
6.2.4	Avaliación do plan de atención á diversidade.....	25
7	CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN.....	25
	PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	26
1.	ACTIVIDADES ENMARCADAS NO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.....	26
1.1.	Actuacións na etapa de Educación Infantil e no 1º ciclo de Educación Primaria.....	26
1.2.	Actuacións nos 2º e 3º ciclos de Educación Primaria.....	28
1.3.	Actuacións centradas no Equipo docente.....	29
2.	ACTIVIDADES ENMARCADAS NO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	31
2.1	Actuacións e actividades no 1º trimestre.....	31
2.2.	Actuacións e actividades para o 2º trimestre.....	32
2.3.	Actuacións e actividades para o 3º trimestre.....	32

1 XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO: AVALIACIÓN DE NECESIDADES

A creación dos departamentos de orientación nos centros educativos responde á necesidade de dar unha resposta educativa axeitada a cada un dos nosos alumnos e alumnas. A lei educativa establece uns principios básicos que deben rexer toda actividade educativa.

É necesario ofrecer unha atención individualizada ao noso alumnado, responder ás necesidades educativas especiais dentro dos centros ordinarios, realizar un ensino comprensivo e diversificado ao mesmo tempo.

O departamento de orientación dentro de cada centro educativo debe constituír o garante destes principios educativos, de xeito que colabore na construción dun sistema educativo de calidade centrado no alumno e na resposta ás súas necesidades.

A coordinación, dinamización e asesoramento dos distintos axentes educativos permitirán aos orientadores levar a cabo a súa tarefa dentro dos centros, tendo en conta que as principais funcións do Departamento xiran en torno a:

- O desenvolvemento do plan de acción tutorial.
- O desenvolvemento do plan de atención á diversidade

Por suposto, estas funcións básicas deben estar baseadas nas necesidades e peculiaridades concretas de cada centro, de xeito que en todo momento contextualicemos o noso labor, e nos coordinemos co resto de axentes educativos e da comunidade.

O CEIP A Rúa é un centro público situado na localidade de Coiro, a dous kilómetros do centro urbano de Cangas de Morrazo, e acolle a alumnos desta localidade. Impártense as etapas de Educación Infantil e de Educación Primaria, nunha única liña, con 3 unidades de educación infantil e 6 unidades de primaria. Neste curso hai un total de 195 alumnos matriculados (5 máis que no curso pasado) e unha plantilla de 16 profesores e profesoras. Os alumnos/as distribúense do seguinte xeito:

	<u>Número de unidades</u>	<u>Número de alumn@s</u>
Educación Infantil:	3	65
1º de Primaria:	1	20
2º de Primaria:	1	15
3º de Primaria:	1	23
4º de Primaria:	1	22
5º de Primaria:	1	25
6º de Primaria:	1	25
<u>Total unidades</u>	<u>9</u>	<u>Total alumn@s</u> <u>195</u>

As características que definen o noso centro implican priorizar as actuacións no ámbito da atención temperá nos primeiros anos da escolaridade e, por outra parte, a prevención a través de programas específicos fundamentalmente ligados ao desenvolvemento das competencias social e cívica, competencia para aprender a aprender e de sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Ademais da prevención e a atención temperá, o departamento de orientación debe priorizar a atención ao alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo, a través da realización de avaliacións psicopedagóxicas e das medidas de atención á diversidade, tanto de carácter organizativo como curricular.

Neste senso, dentro das medidas curriculares poñeranse en marcha adaptacións curriculares e reforzos educativos para atender ás necesidades do alumnado e tamén medidas organizativas.

2 CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O departamento de orientación queda constituído o día 6 de setembro de 2014 polos seguintes membros:

- Xefe do departamento: Xosé Manuel Vidal Bouzó
- Profesora de Pedagogía Terapéutica: Rosa Ana Rúa Pena
- Profesora de Audición e Linguaxe: Tatiana Vidal
- Coordinadora de Educación Infantil: Pilar Herbelo del Río
- Coordinadora do primeiro ciclo de primaria: María del Carmen Barcia Álvarez
- Coordinadora do segundo ciclo de primaria: María Teresa Sotelo Resurrección
- Coordinadora do terceiro ciclo de primaria: María José Caneda Fernández

O xefe do departamento de orientación comparte o seu horario co CEIP do Hío, tamén de Cangas. Neste curso traballará no CEIP de A Rúa os martes, mércores e venres. Non obstante, o seu horario é flexible e pode trasladarse a calquera un dos centros cando as necesidades detectadas así o aconsellen.

O horario do xefe do departamento de orientación distribúese deste xeito:

Horario	luns	martes	mércores	xoves	venres
9:30 – 10:20		DPTO	DPTO		DPTO
10:20 – 11:10		DPTO	Garda		DPTO
11:10 – 12:00		Garda	DPTO		Garda
12:00 – 12:30		Garda Recreo	Hora de ler EI5		
12:30 – 12:50		DPTO	DPTO		DPTO
12:50 – 13:40		DPTO	Apoio3º		DPTO
13:40 – 14:30		Coord. DO	Apoio4º		DPTO

Neste curso as profesoras de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe comezan atendendo a

un total de 30 alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo, tanto en apoios dentro da aula como fóra dela. Dese alumnado son 18 os que contan con informe psicopedagóxico elaborado polo departamento de orientación: 2 alumnos en educación infantil, 3 alumnos en primeiro ciclo, 7 alumnos en segundo ciclo e 6 alumnos en terceiro ciclo.

No noso centro hai matriculados un total de 18 alumnos/as de procedencia estranxeira (un 9,3% do total do alumnado), principalmente de orixe marroquí, 5 alumnos na etapa de educación infantil e outros 13 en educación primaria.

Como queda reflectido nos horarios, os martes realizarase a reunión de coordinación entre os membros do departamento de orientación.

A atención aos pais e nais realizarase en función das necesidades destes e da dispoñibilidade do orientador, que en todo caso tratará de adaptarse coa máxima flexibilidade ás necesidades daqueles.

3 COMPETENCIAS BÁSICAS

A orientación educativa pretende contribuír moi especialmente ao desenvolvemento no alumnado das competencias básicas de carácter holístico e integrador, como son:

Competencia dixital
Competencia para aprender a aprender
Competencia social e cívica
Sentido da autonomía e espírito emprendedor

A adquisición das citadas competencias implica traballar aspectos ligados ao desenvolvemento psicosocial dos alumnos, á súa correcta socialización e ao logro da maior autonomía posible no seu proceso de aprendizaxe.

4 OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE ORIENTACIÓN

Os obxectivos a lograr a través do POE vincúlanse coas funcións a desenvolver polo departamento de orientación, que aparecen recollidas no Decreto 120/1998 e na Orde do 24 de xullo de 1998. Serían os seguintes:

1. Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do contorno e, deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
2. De acordo coas directrices establecidas no plan de orientación deseñado conforme ó que se establece no artigo 13º da Orde do 24 de Xullo de 1998 e da comisión de coordinación pedagóxica do centro, elaborar as propostas do plan de orientación académica e do plan de acción tutorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ó profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento deste plan.
3. Participar no seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación

dos criterios de promoción.

4. Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe.
5. Participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa ó respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
6. Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que o alumnado poida afrontar adecuadamente os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa ou a resolución de conflitos de relación interpersoal.
7. Impulsa-la participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.
8. Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.
9. Promove-la cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos: estimulación da motivación e intereses; adquisición de hábitos de hixiene e de autonomía; desenvolvemento motriz e da linguaxe; relacións interpersoais e aqueles outros aspectos que favorezan o desenvolvemento evolutivo do alumnado.

5 PLANIFICACIÓN XERAL: LIÑAS PRIORITARIAS

A circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, dita as instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional, establecendo as seguintes actuacións:

1. Relacionadas coa inclusión e a diversidade:

- Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción tutorial.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz das dificultades de aprendizaxe.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumna ou alumno, con intervencións inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado.
- Asesorar aos departamentos, equipos de ciclo e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso e/ou ciclo, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.

2. Relacionadas coa acción tutorial:

- Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no plan de acción tutorial (PAT), asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e no goberno dos centros.
- Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

3. Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores:

- Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos, asesorando na elaboración do plan de convivencia do centro.
- Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento.

4. Relacionadas co plan de orientación, co plan anual e coa memoria de cada curso:

- Manter actualizado o plan de orientación, concretando no plan anual do departamento as actuacións previstas para o curso, os seus destinatarios, os responsables da súa execución e a temporalización correspondente.
- Realizar a memoria final do curso en base ao desenvolvemento do plan anual, cunha adecuada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.

5. Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade:

- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación no centro, nos termos que se establezan.
- Asesorar á totalidade da comunidade educativa sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.

6. Relacionadas co drdorienta:

- Facilitar, en forma e en prazo, a información que se demanda na aplicación informática drdorienta.

6 ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

6.1 PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Este Plan de Acción Titorial enmárcase no plan de acción do Departamento de Orientación do centro, segundo establece o Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa en Galicia (23/04/98, DOG do 27/04/98) e no Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, Decreto 374/1996, título III, capítulo V, artigos 80 e 81.

Mediante a acción titorial perséguese o desenvolvemento psicosocial dos alumnos e o seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe de cara a optimizar o seu rendemento académico. A acción titorial enténdese como o proceso de axuda e orientación por parte do profesorado para contribuír ó desenvolvemento integral do alumnado, e que abrangue o conxunto de accións educativas encamiñadas ó coñecemento do alumnado, as axudas precisas para superar as dificultades no ámbito persoal, familiar e escolar, e a proposta de alternativas que faciliten ó alumnado a toma de decisións, o seu desenvolvemento como persoa e a socialización. O departamento de orientación deberá asesorar ós titores nas súas funcións facilitándolles os recursos necesarios e colaborando mediante intervención directa na aula nos casos nos que se considere oportuno.

6.1.1 Accións prioritarias

Na definición das accións prioritarias teremos en conta os seguintes condicionantes:

- a) Deben responder ás principais necesidades educativas detectadas.
- b) Sen descuidar a acción correctiva ou terapéutica cando o esixa a situación, incidirase especialmente en medidas de atención preventiva e en medidas enfocadas ó desenvolvemento persoal e social dos alumnos.

Con carácter xeral, e de acordo coa Circular 10/2010, establécense como liñas prioritarias de actuación para os servizos de orientación para este curso as recollidas no Plan de Orientación Educativa, que resumidamente deben atender a:

1. Relacionadas coa acción titorial:

- Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no plan de acción titorial (PAT), asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e no goberno dos centros.
- Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

2. Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores:

- Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos, asesorando na elaboración do plan de convivencia do centro.
- Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento.

3. Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade:

- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación no centro, nos termos que se establezan.
- Asesorar á totalidade da comunidade educativa sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.

En relación ó departamento de orientación do CEIP A Rúa, este priorizará para o curso 2014-2015, no ámbito da potenciación da acción tutorial as seguintes actuacións:

1. Desenvolver programas e accións que dean resposta ás necesidades detectadas, especialmente en relación á mellora das habilidades sociais e mellora da convivencia, e ó exercicio de técnicas de traballo individual.
2. Colaborar co profesorado no afianzamento de hábitos de estudo e traballo que favorezan a aprendizaxe autónoma e o desenvolvemento das capacidades do alumnado, así como afianzar o sentido do traballo en equipo, a valoración das achegas dos demais e o respecto a outras formas diferentes de pensar.
3. Empregar as tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento.
4. Asesorar tecnicamente ó Equipo Directivo no seguimento e revisión do PEC e PCC naqueles aspectos pertinentes.
5. Desenvolver accións de coordinación con outras institucións do contorno.
6. Impulsar a relación coas familias e a súa participación nas tarefas educativas dos seus fillos.

6.1.2 Obxectivos xerais

- Impulsar o desenvolvemento psicosocial do alumnado.
- Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.
- Coordinar a acción educativa do equipo docente.

Orientar ás familias no seu labor educativo.

6.1.3 Obxectivos específicos

Centrados no alumnado

- Facilitar a integración do alumnado no grupo clase e na dinámica escolar, solicitando a axuda da familia para que esa adaptación sexa o máis natural posible.
- Coñecer as características persoais e aspectos da situación familiar do alumnado, a través da análise do expediente persoal, entrevistas cos pais, informes de ciclos anteriores, etc.
- Fomentar o desenvolvemento da identidade persoal procurando desenvolver no alumnado un autoconcepto e autoestima axeitados.
- Realizar un seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado, para detectar as posibles dificultades e as necesidades específicas coa finalidade de elaborar respostas educativas adecuadas e conseguir, no seu caso, os apoios e asesoramentos oportunos.
- Fomentar no grupo de alumnos o desenvolvemento de actitudes e hábitos participativos no centro e no contorno social.
- Coordinar o proceso de avaliación do alumnado, e asesorar e orientar sobre a promoción de ciclo.

Centrados no equipo docente

- 1) Coordinar o traballo das tutorías e asesorar no desempeño da acción tutorial.
- 2) Asesorar ó profesorado no relativo ás técnicas de traballo intelectual, dinamización grupal, hábitos de estudo, habilidades sociais, autoestima, resolución pacífica de conflitos, igualdade real entre homes e mulleres, etc...
- 3) Promover a formación de titores e profesores mediante a autoformación e a participación en actividades de formación organizadas polos CEFORES, Universidade, etc.
- 4) Coordinar a información acerca do alumnado que teñen os diferentes profesores que inciden sobre o grupo.
- 5) Coordinar o axuste das programacións do grupo de alumnos, en especial para aqueles alumnos con necesidade específica de apoio educativo.
- 6) Posibilitar liñas comúns de actuación con outros titores, no marco do P.E.C. e do P.C.C.
- 7) Orientar e asesorar tecnicamente en relación coas actividades e procesos de avaliación formativa, así como participar na avaliación do alumnado informando e recibindo información sobre o seu proceso de aprendizaxe.

- 8) Avaliar o funcionamento do Plan, as programacións tutoriais e a intervención do departamento de orientación.

Centrados nas familias

1. Potenciar unha relación fluída entre as familias e o centro, con intercambio de puntos de vista.
2. Implicar ás familias en actividades de apoio ó proceso de aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
3. Informar e asesorar ós pais e nais para que asuman responsablemente a educación e orientación dos seus fillos.
4. Pedir a colaboración familiar nas actividades complementarias do centro, e a súa participación en actividades organizadas pola Comunidade educativa.
5. Impulsar actividades da ANPA relacionadas coa formación de pais e nais no ámbito educativo dos fillos/as así como no dominio das TIC.

Centrados no Equipo directivo do centro

- Coordinar xunto co Equipo Directivo e o Equipo Docente as accións encamiñadas ó desenvolvemento da acción tutorial.
- Ofrecer a información necesaria á CCP de cara ó establecemento das directrices para a revisión do PAT.
- Coordinar as distintas accións que relacionen a acción tutorial con outras institucións do contorno.

6.1.4 Distribución de funcións e responsabilidades respecto da acción tutorial

AXENTES IMPLICADOS

- A Comisión de Coordinación Pedagóxica que sinalará as directrices para a elaboración do Plan e estudará as propostas do Departamento de Orientación.
- A Xefatura de Estudos responsable de coordinar e dirixir a acción dos titores así como da supervisión do Plan
- Os Titores que participarán no desenvolvemento do Plan, coordinados polo Xefe de Estudos e en colaboración co Departamento de Orientación.
- O Departamento de Orientación que elaborará as propostas deste Plan, seguindo as directrices da C.C.P. en coordinación cos titores, e contribuirá ao desenvolvemento do mesmo e á elaboración ao remate do curso da memoria do seu funcionamento.

FUNCIÓN DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

- Sinalar as directrices para a elaboración do Plan.
- Estudiar, para a súa aprobación, as propostas do Departamento de Orientación.

FUNCIÓN DA XEFATURA DE ESTUDOS

- Supervisar a elaboración do PAT e realizar propostas sobre o mesmo.
- Convocar, coordinar e moderar as reunións de titores.
- Asegurar a planificación trimestral das sesións de tutoría dos diferentes grupos.
- Supervisar o correcto desenvolvemento do PAT previsto, mediante o seu seguimento nas reunións de titores.

FUNCIÓN DOS TITORES

Aínda que, como xa comentabamos, a orientación e a tutoría sexa unha tarefa compartida por todo o profesorado, a figura do titor, como órgano de coordinación docente, ten unha importancia capital en todo o que se refire tanto a coordinación do equipo de profesores, como no contacto coas familias e no desenvolvemento dalgunhas funcións específicas que detallamos a continuación.

Funcións específicas:

- Participar no desenvolvemento do PAT e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da Xefatura de Estudos e en colaboración co Departamento de Orientación.
- Facilitar a integración dos alumnos no grupo, fomentando a súa participación nas actividades do centro e contribuíndo a crear un bo clima de convivencia e aprendizaxe.
- Facer un seguimento persoal de cada alumno/a e facilitar que tódolos profesores do grupo teñan en conta as necesidades de cada un deles.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo, presidindo as sesións de avaliación e facendo un seguimento dos acordos.
- Encauzar as inquedanzas e demandas dos alumnos e mediar nos conflitos que se poidan presentar.
- Orientar aos alumnos sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- Facer de enlace entre os profesores e os pais dos alumnos.

- Informar e asesorar ás familias sobre a evolución escolar do alumno.

FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Propoñer o Plan de Acción Titorial, que deberá aprobar o Claustro, recollendo as achegas dos titores.
- Facilitar os recursos e apoios necesarios para a realización das actividades programadas polos titores e apoiar aos titores na intervención directa cos alumnos.
- Participar no seguimento e avaliación do PAT e elaborar unha memoria sobre o seu funcionamento ao final de curso.
- Colaborar cos titores na prevención, detección e valoración dos problemas de aprendizaxe do alumnado e doutros problemas que poidan afectar ao seu desenvolvemento persoal e social.
- Coordinar a intervención dos axentes externos que participen nas actividades de orientación do centro.
- Coordinar o asesoramento académico e profesional.

RESPONSABILIDADES DE TODO O PROFESORADO NA ACCIÓN TITORIAL

- Tutelar o proceso de aprendizaxe de cada alumno na súa área.
- Atender ás necesidades educativas específicas de cada alumno na súa área.
- Atender á formación integral do alumno máis alá da mera instrución en coñecementos sobre a súa disciplina.
- Preocuparse polas circunstancias persoais de cada alumno.
- Asesorar aos alumnos sobre os itinerarios académicos e profesionais relacionados coa área e apoiar ao alumno na toma de decisións sobre o seu futuro.
- Facilitar a integración de tódolos alumnos no grupo.
- Coordinarse co titor prestándolle información e apoio.
- Orientar aos alumnos sobre a mellor maneira de estudar a materia e sobre a forma de superar as dificultades.
- escoitar as demandas e suxestións dos alumnos.
- Buscar a colaboración do resto do profesorado.

- Atender a pais e nais se estes o requirisen nalgunha circunstancia excepcional.

6.1.5 Coordinación, seguimento e avaliación do PAT

CRITERIOS XERAIS

- a) Preténdese que o Plan de Acción Titorial sexa un marco aberto e flexible, xa que os obxectivos do mesmo poden ser traballados a través de actividades distintas en función das necesidades específicas de cada titor e do seu estilo pedagóxico así como das características particulares de cada grupo.
- b) A partir das liñas de actuación xerais concretadas no PAT, os titores programarán as actividades máis apropiadas, contando coas propostas que ofrezca o Departamento de Orientación nas reunións que se manteñan a tal efecto.
- c) A través das reunións periódicas dos titores co Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos, articularanse os recursos persoais e materiais e proporcionarase o asesoramento e apoio necesario para que sexa posible o desenvolvemento das funcións titoriais de xeito coordinado.

DECISIONS A NIVEL DE CENTRO

- **Nomeamento de titores**

1. Os criterios estableceranse cada ano en función das necesidades do Centro

- **Horario de titorías**

- Hai que considerar que nas etapas de educación infantil e primaria non contamos con horas lectivas de titoría, por tanto as accións encamiñadas a orientación terán que desenvolverse dentro das diferentes áreas de coñecemento.
- O titor/a precisa ter un tempo dentro dos horarios, que sexan coñecidos polos pais, alumnos e profesores e que lle permitan realizar o seu traballo de forma sistemática.

- **Coordinación de titores**

A acción titorial non se pode levar a cabo de forma illada, senón que precisa do intercambio e do contraste de experiencias, a reflexión conxunta da tarefa e da procura de resposta e resolución aos conflitos que habitualmente se dan nos grupos.

Ademais, esta coordinación, transfórmase en necesaria de cara a: realización de actividades, traspaso de información e detección de necesidades.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

- Realizarase unha avaliación continua co fin de introducir cambios en calquera dos aspectos avaliados, facendo do PAT un documento vivo e acorde coas necesidades de Ciclo e Centro.
- Ó longo do curso a Xefatura de Estudos, coa colaboración do Departamento de Orientación, realizará o seguimento do desenvolvemento da acción tutorial e prestará o apoios e os recursos que os titores requiran.
- Seguindo as directrices da administración educativa, ao finalizar o curso escolar o Departamento de Orientación participará na avaliación do PAT e elaborará unha memoria final sobre o seu funcionamento.
- Para a elaboración desta memoria final os titores ofrecerán o seu punto de vista, tanto nas reunións de coordinación como a través da memoria de cada grupo.
- Os alumnos participarán na avaliación valorando o interese, eficacia e aproveitamento das actividades realizadas.
- Na memoria de cada grupo, o titor exporá as principais tarefas desenvolvidas, analizará e valorará o traballo feito, os obxectivos conseguidos e as dificultades encontradas, así como o propio Plan de Acción Tutorial e os apoios recibidos.
- As conclusións obtidas na avaliación serán tidas en conta para introducir as modificacións e axustes necesarios no Plan para os seguintes cursos.

6.1.6 Ámbitos de intervención

En primeiro lugar cómpre dicir que a acción tutorial ten que ser considerada e desenvolvida a partir dunha programación formalmente preparada e contrastada en equipo, do mesmo modo que calquera outra das áreas do currículo.

En segundo lugar temos que considerar dentro do labor tutorial dous ámbitos diferenciados:

- O seguimento individual
- O proceso de integración grupal

ÁMBITO DE ACCIÓN INDIVIDUAL

O profesor titor debe actuar como un mediador entre o suxeito e o seu propio proceso educativo. No seguimento resulta fundamental devolver ao alumno unha imaxe obxectivada nacida da reflexión de todo o equipo educativo, que axude a construír unha autoimaxe positiva e capaz de potenciar o seu crecemento persoal.

- Os titores manterán entrevistas individuais cos alumnos, especialmente nos casos de alumnos necesitados dunha orientación especial.
- Os alumnos que presenten unha situación de risco de non alcanzar os obxectivos de ciclo ou da etapa á vista do seu rendemento académico ou que poidan atopar problemas de adaptación escolar ao comezo do curso serán obxecto de atención preferente.
- Para a atención e o asesoramento individual aos alumnos, os titores contarán coa colaboración do Departamento de Orientación.
- No asesoramento individual seguirase, preferentemente, un enfoque non directivo, facilitando que sexa o propio alumno quen tome as súas decisións e adopte os seus compromisos.

ÁMBITO GRUPAL

- **Coordinación do equipo docente**

- A figura do titor, como responsable da coordinación docente do profesorado do grupo ten como misión principal asegurar que todo o profesorado ten en conta as necesidades específicas do alumnado que compón o grupo.
- Para iso, a partir do coñecemento das condicións sociais, educativas e persoais dos alumnos e a evolución académica nas diferentes áreas, o titor poderá propoñer ao profesorado do grupo a adopción coordinada de medidas educativas para atender ás necesidades que vaian xurdindo.

- **Comunicación coas familias**

- Nas primeiras semanas do curso cada titor manterá unha reunión informativa cos pais dos alumnos do seu grupo. ao longo do curso o titor poderá convocar outras reunións, de acordo co Xefe de Estudos.
- Os titores disporán dunha hora semanal para recibir individualmente as familias co fin de atender ás súas demandas, intercambiar información sobre aspectos que resulten relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe e promover a cooperación dos pais na tarefa educativa que desenvolve o profesorado.
- O titor facilitará, no seu caso, as entrevistas que os pais desexen manter cos profesores do grupo, poñendo en contacto aos interesados.
- Os titores manterán informados aos pais sobre a situación de inasistencia e abandono que poidan darse ao longo do curso e buscarán a súa cooperación na adopción de medidas correctoras.

- A cooperación dos pais co centro educativo será un obxectivo a promover por todo o profesorado.

6.1.7 Coordinación co centro de secundaria

O CEIP A Rúa é un centro adscrito ao IES de Rodeira.

Acordamos establecer unha reunión de traspaso de información entre os profesores das áreas de primaria e os de secundaria que servirá para un coñecemento máis directo dos alumnos, así coma do grupo no seu conxunto.

Ademais desta coordinación establecerase o calendario para informar aos alumnos de 6º de primaria e seus pais do paso á ESO, das características do centro, das novas con que se van atopar e levaremos a cabo unha xornada de portas abertas para que poidan visitar o IES e coñecer o seu funcionamento.

O CEIP A Rúa tamén continuará a relación coa unidade de Prevención do Centro de Benestar Social e cos Servizos Sociais e de Educación do Concello no desenvolvemento de actuacións e programas preventivos, tal como a escola de familia ou a aula de estimulación da linguaxe.

6.2 PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Conforme co DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o Plan de Atención á Diversidade consta das seguintes partes:

1. Xustificación baseada no contexto.
2. Identificación e valoración das necesidades.
3. Determinación dos obxectivos.
4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.
5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.
6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.
7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.
8. Canles de colaboración coas nais, pais ou tutores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.
9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.
10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.

6.2.1 Xustificación baseada no contexto.

No marco do Decreto 229/2011, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Mediante as medidas de atención á diversidade preténdese precisamente dar respostas axustadas segundo as necesidades e as capacidades de cada alumno, partindo sempre do nivel de desenvolvemento que presenten estes. Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno/a, o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar. Así, haberá alumnos e alumnas que requirirán exemplificacións, explicacións ou exercicios específicos; outros ós que lles haberá que encomendar certas responsabilidades; outros que necesitarán estar nun grupo específico dentro da aula, do que recibirán as axudas que precisan; outros ós que haberá que poñer frecuentemente en situación de éxito, etc. En síntese, trátase de que a cada alumno e alumna se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento

próximo e se respecte o seu ritmo de aprendizaxe, no ánimo de que cada quen vai reconstruíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

Neste tipo de actuacións, como se contempla no propio plan de acción tutorial, é necesario que o titor/a estableza unha coordinación entre o equipo docente; que coñeza a situación persoal de cada alumno/a, os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e ritmo de aprendizaxe de cada quen; que reflexione sobre a metodoloxía máis adecuada para cada neno/a respecto do seu achegamento ó currículo; que analice as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e a súa utilidade nos agrupamentos dentro da aula; que demande asesoramento do departamento de orientación, etc.

Pero sen dúbida haberá que enfocar a actuación sobre os alumnos máis necesitados de axuda, aqueles que presentan necesidade específica de apoio educativo (LOE, art. 71), categoría que inclúe: a) alumnos/as que presentan necesidades educativas especiais, b) alumnos/as con dificultades específicas na aprendizaxe, c) alumnos/as con altas capacidades intelectuais, d) alumnos/as que se incorporan tarde ó sistema educativo, e) finalmente, alumnos/as con condicións persoais ou de historia escolar que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria.

No plan de atención á diversidade deberán constar, cando menos, dous tipos de medidas: a) Medidas curriculares, referidas ó desenvolvemento do proxecto curricular a través de programación didáctica adaptada, ós reforzos educativos, ás adaptacións curriculares individualizadas e á acción tutorial; b) Medidas organizativas, referidas ós agrupamentos específicos, á permanencia dun ano máis e ós apoios a alumnos con necesidades educativas especiais.

No CEIP A Rúa a diversidade do alumnado maniféstase en:

- Distintas capacidades, estilos e ritmos de aprendizaxe.
- Alumnado con necesidade específica de apoio educativo: dificultades de aprendizaxe, dificultades na linguaxe, discapacidade, trastornos de conduta, orixe e procedencia social (18% do alumnado)
- Alumnado de procedencia estranxeira (9% do alumnado)

6.2.2 Identificación e valoración das necesidades.

2.1.1. Atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo a cargo do profesorado especialista de AL e PT.

A previsión de necesidades para o curso 2014-2015 toma como punto de partida a do curso anterior, e tal como consta na memoria anual do departamento de orientación, no curso 2013-2014 foron atendidos polo profesorado especialista de PT e AL un total de 39 alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo, dos cales 17 dispoñen de informe de avaliación psicopedagóxica elaborado polo xefe do departamento de orientación. Este alumnado, con necesidade específica de apoio educativo, distribúese do seguinte xeito en canto á tipoloxía das súas necesidades:

- **Alumnos con necesidades educativas especiais:** 8 alumnos

- . Dous alumnos con atrasos madurativos significativos en educación infantil.
- . Seis alumnos/as con diagnóstico de TDAH ou TDA.
- **Alumnado con altas capacidades:** 0 alumnos/as
- **Alumnado de integración tardía:** 0 alumnos/as
- **Alumnado con dificultades específicas da aprendizaxe (DEA)** (lectura, escritura, cálculo): 15 alumnos/as
- **Alumnado con familias en risco de exclusión social** (seguimento polos servizos sociais do concello e/ou Servizo de Menores da Xunta de Galicia): 3 familias.
- **Alumnado con dificultades na linguaxe** (dislalias, atraso simple, fala pouco intelixible...): 15 alumnos/as.

2.1.2. Atención ao alumnado inmigrante.

Neste curso 2014-2015 atópanse matriculados 18 alumnos/as de procedencia estranxeira, sobre un total de 195 alumnos matriculados no centro, é dicir, que este grupo constitúe o 9,2% do total do alumnado. Destes 18 alumnos/as, 16 son de procedencia marroquí.

2.1.3. Detección e valoración psicopedagóxica de novos alumnos/as.

Con carácter ordinario, a maiores da información recollida polo profesorado titor durante a avaliación inicial do alumnado, o departamento de orientación pasa un test BADyG en 2º de primaria e probas de velocidade lectora en 2º, 3º e 4º cursos de primaria para detectar alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Unha vez detectadas as dificultades de aprendizaxe polos profesores titores cóbrense os oportunos rexistros coas observacións do profesor titor e da familia, para seren avaliados por este departamento.

No curso pasado elaboráronse 11 novos informes psicopedagóxicos, que xunto aos xa existentes fan un total de 28, distribuídos do seguinte xeito:

-Educación Infantil: 5 alumnos/as

-1º ciclo de Primaria: 7 alumnos/as

-2º ciclo de Primaria: 8 alumnos/as

-3º ciclo de Primaria: 8 alumnos/as

Ó final de curso actualízanse os correspondentes informes dos alumnos que dispoñen de medidas de atención á diversidade, especialmente os alumnos/as de 6º curso que deben cambiar de centro, nos chamados informes de fin de etapa.

2.1.4. Programa de detección de déficits sensoriais en educación infantil: Prevese pasar o test para detectar deficiencias visuais nos cursos 5º e 6º de educación infantil.

2.1.5. Programa de estimulación da linguaxe en educación infantil: levarase a cabo polo/a profesor/a especialista de AL durante todo o curso a razón dunha sesión semanal en cada aula.

2.1.6. De apoio ó profesorado

Asesoramento ós profesores/as en todo o relacionado coa detección das necesidades educativas especiais dos alumnos/as, atención individualizada, organización dos apoios, medidas metodolóxicas máis recomendables, protocolo para solicitar a avaliación psicopedagóxica, etc.

2.1.7. Relacionadas cos pais/nais

Asesoramento ás familias dos alumnos: o departamento de orientación ofrece a súa atención ás familias que así o demandan, dispoñendo para iso o horario dos martes pola tarde, de 16:30 a 17:30 horas, pero actuando coa maior dispoñibilidade posible tamén no horario de mañá co obxecto de que ningunha familia se vexa desatendida. Infórmase ós pais e nais acerca das necesidades educativas dos seus fillos/as (o orientador rexistra as entrevistas a pais/nais do alumnado -foron 26 entrevistas no curso pasado-).

6.2.3 Obxectivos xerais

1. Colaborar co profesorado titor na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización, e realizar as avaliacións psicopedagóxicas que como consecuencia se consideren pertinentes.
2. Asesorar á CCP sobre os aspectos psicopedagóxicos do proxecto curricular que poidan facilitar a adopción de criterios comúns sobre os distintos elementos que o integran e nas programacións de aula; sobre a programación de medidas extraordinarias e adaptacións curriculares dirixidas ós alumnos que as precisen.
3. Colaborar co profesorado do Centro, a través das estruturas organizativas máis pertinentes en cada caso (Coordinadores de ciclo, Equipos de titores...), asesorándoos na adopción de medidas educativas adecuadas a todo o alumnado, tanto preventivas como específicas, adaptación de materiais e recursos didácticos e nos criterios e procedementos de avaliación.
4. Desenvolver, en colaboración co profesorado de área, as adaptacións curriculares planificadas.
5. Planificar de modo conxunto co profesorado de área a realización das actividades de apoio, dentro e fóra da aula, para alumnos con necesidade específica de apoio educativo.

Obxectivos co alumnado

1. Detectar as dificultades de aprendizaxe e/ou problemas de desenvolvemento que poidan afectar ó rendemento académico dos alumnos.

2. Realizar as avaliacións psicopedagóxicas do alumnado.
3. Coordinar a organización da resposta educativa ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
4. Intervir cando sexa necesario na organización e posta en marcha de medidas de atención á diversidade.

Obxectivos co profesorado

1. Colaborar na detección de problemas ou dificultades de aprendizaxe e demandar a súa colaboración na avaliación psicopedagóxica do alumnado.
2. Asesorar ó profesorado no relativo ó desenvolvemento das medidas de atención á diversidade, e na resposta educativa ante os alumnos e alumnas que presenten necesidades educativas especiais.
3. Asesorar en materia de avaliación e promoción do alumnado.

Obxectivos co Centro

1. Asesorar os membros da CCP no relativo á resposta ante as necesidades específicas de apoio educativo que se presenten.
2. Cooperar co Equipo Directivo e co Consello Escolar na resolución dos conflitos persoais que poidan xurdir.
3. Colaborar na revisión do PEC.
4. Asesorar tecnicamente ó Equipo Directivo en cuestións relativas ós programas educativos específicos relacionados coa integración, formación do profesorado, incorporación dos temas transversais, etc.

Obxectivos coas familias

1. Demandar a información necesaria sobre todo aspecto relevante no proceso educativo dos fillos.
2. Informar das medidas de atención á diversidade que se desenvolvan en relación cos seus fillos.
3. Implicar ás familias na resposta educativa ante as necesidades específicas de apoio educativo que poidan presentar os seus fillos.

6.2.4 Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.

Na atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, dende o punto de vista propiamente académico poden establecerse dúas vías de atención: unha vía ordinaria e outra extraordinaria.

1. Ordinarias: aquelas que facilitan a adecuación (adaptación) do currículo prescrito, sen alteración significativa de obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Con carácter xeral son as seguintes:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- f) Desdobramentos de grupos: cando o grupo o aconselle por ser a ratio moi ampla ou por ser o grupo moi diverso e se conten cos recursos en profesorado dispoñibles, pode desdoblarse o grupo para traballar nalgunha materia concreta.
- g) Reforzo educativo (R.E.) e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria: son medidas que o propio profesor diseña e aplica con aqueles alumnos/as que teñen unhas certas dificultades de seguimento da programación diaria, ben por exceso ou por defecto (traballo específico de recuperación, traballos de ampliación...).
- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- j) Programas de recuperación.
- k) Programas específicos personalizados.
- l) Programas de habilidades sociais.

2. Atención extraordinaria:

Aquelas medidas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con **necesidade específica de apoio educativo** que poden requirir:

- Modificacións significativas do currículo ordinario.
- Cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso:
- Cambios nos elementos de acceso ao currículo.
- Cambios na modalidade de escolarización.

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Será necesaria a autorización da dirección, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

a) Agrupamentos flexibles:

Contemplados como medidas de atención ó alumnado con dificultades na aprendizaxe e atendidos por profesorado ordinario con horario de libre disposición. Estes agrupamentos, que deben ter un carácter flexible, deberán deseñarse nos comezos de cada curso, en función da dispoñibilidade do profesorado e dunhas bases de uso que evitarán a masificación, o exceso de horas de privación do currículo ordinario (fóra da aula), a asistencia nas materias que favorecen a integración (aquelas nas que o alumno ou alumna é tan competente coma os seus compañeiros e compañeiras), etc.

b) Adaptación Curricular Significativa (ACS)

Esta medida seguirá o procedemento establecido na Orde do 6 de outubro de 1995 na Comunidade Autónoma de Galicia.

A elaboración de ACS supón un proceso de toma de decisións que comeza pola demanda de intervención á xefatura do Departamento mediante unha folla de derivación cuberta polo titor/a. A continuación realízase a avaliación psicopedagóxica que comprende a recollida, análise e valoración dos datos obtidos en torno as características individuais, escolares e sociofamiliares do alumno/a.

Unha vez determinada a necesidade desta ACS, orientador, xefe de estudos e titor decidirán a pertinencia da súa elaboración na que colaborarán os profesores de área implicados no proceso de adaptación curricular.

O orientador ofrecerá a colaboración e asesoramento necesarios na realización dos documentos de adaptación curricular.

Esta medida debe estar suxeita a un proceso de seguimento que se realizará trimestralmente, e a unha decisión de revisión e/ou continuidade ao remate do ciclo ou curso. As reunións semanais do departamento de orientación tamén constitúen unha canle para o seguimento desta medida extraordinaria de adaptación do currículo.

A organización dos apoios individualizados ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que segue unha adaptación curricular tenderá ao maior nivel posible de integración, aínda que se contempla tamén a atención individualizada fóra da aula de cara a traballa-los obxectivos correspondentes ao nivel de competencia curricular de cada alumno.

c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe, coidador, etc.

- Apoio dentro do grupo ordinario.
- Apoio ocasional fóra do grupo ordinario.

Son medidas que contemplan o apoio temporal dun profesor/a especialista en audición e linguaxe ou en pedagogía terapéutica. Cando o apoio educativo se realice fóra da aula ordinaria, que seguirá os criterios de utilización establecidos neste plan, será necesario que así o aconselle a avaliación psicopedagóxica realizada polo departamento de orientación

d) Flexibilización da duración do período de escolarización.

e) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

f) Grupos de adquisición das linguas.

g) Grupos de adaptación da competencia curricular.

Actuacións a nivel de dotación

a. No ámbito escolar:

A atención á diversidade, e en especial ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo, deberá contar cunha dotación adecuada de material e de profesorado especialista (PT, AL, ...). En consecuencia, cando do alumnado con discapacidade se trata, os informes psicopedagóxicos deberán indicar que tipo de material específico e que profesorado especialista se require para ofrecer a eses alumnos e alumnas unha atención de calidade.

b. No ámbito infraestrutural:

A escolarización de alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo requirirá que o centro adecúe os seus servizos ás necesidades que estes presenten. De aí que a supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación, a situación dunha determinada aula, a adaptación dos lavabos e letrinas, o servizo de transporte, o comedor escolar, etc., deberán adaptarse ás circunstancias específicas destes nenos e nenas; todo o cal debe quedar claramente determinado nos informes de escolarización e/ou atención.

6.2.5 Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

1. Criterios de utilización dos servizos de apoio

Tendo sempre como referentes os principios de normalización e inclusión, o profesorado de PT e AL xunto co orientador establecerán o horario de atención ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo así como as distintas modalidades. Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes criterios prioritarios:

1. Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.
2. Atenderase ó alumnado obxecto dunha ACS.
3. Continuarase cos apoios realizados no curso anterior, priorizando de 1º a 6º cursos.
4. En educación infantil só se apoiará en casos graves, determinados no correspondente informe psicopedagóxico.
5. Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.
6. Atenderase primeiro ós alumnos que necesitan RE e que repiten curso.
7. O apoio será, salvo casos que necesiten unha atención individual moi específica, dentro da aula

ordinaria.

A proposta de atención elaborada entre o profesorado de PT e AL en xuntanza co xefe do departamento de orientación será presentada ó profesorado afectado para o seu coñecemento e consideración. De aquí debe xurdir a proposta definitiva de prestación do servizo de apoio, proposta que o departamento de orientación facilitará á xefatura de estudos.

No caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo das unidades de educación infantil que requira unha atención especializada, os correspondentes informes, entre eles o de escolarización, contemplarán os procesos de socialización e integración, os recursos materiais e humanos do centro que lle corresponde, as posibilidades de atención noutros centros (recursos, medios, profesorado especialista, etc), a opinión do mestre, a opinión da familia e outras que se estimen oportunas.

2. Criterios a utilizar á hora de adoptar a decisión de repetir curso

Á hora de decidir sobre a non promoción dun alumno ou alumna ó curso seguinte teranse en conta o lexislado respecto da avaliación en Infantil e Primaria así coma os criterios de promoción aprobados polo claustro do profesorado, criterios que se concretan en:

a) Educación Infantil: Promocionará todo o alumnado, contemplando, de ser necesario, o establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) En Educación Primaria promocionarán:

. O alumnado que acadou os obxectivos mínimos (aproba tódalas materias).

. O alumnado que permaneceu un ano máis na etapa (por imperativo legal, por idade).

. O alumnado que acadou os obxectivos mínimos de promoción en dúas das seguintes materias: lingua castelá, lingua galega e matemáticas.

Igualmente, terase en conta nos informes do equipo docente “a capacidade do alumnado para seguir con aproveitamento as ensinanzas do nivel seguinte, o interese e esforzo manifestado polo alumno ou alumna, o nivel de integración co grupo no que promociona, a oferta e aproveitamento das medidas ordinarias (reforzo e apoio) e extraordinarias (ACS) de atención á diversidade e a opinión familiar”.

3. Criterios para a adscrición dos titores e titoras

A adscrición do profesorado, para o curso seguinte, deberá facerse no mes de xuño e en función dos seguintes criterios:

a) Procurarase que cada mestre/a imparta na súa titoría tódalas áreas, excepto as que contan con especialistas. De non ser posible, e unha vez estudadas tódalas posibilidades, intentarase que os cursos afectados sexan do último ciclo e co menor número de profesorado.

b) Aquelas unidades que escolaricen algún neno/a con algún tipo de discapacidade, determinada no correspondente informe, deberán contar cun titor/a definitivo no centro, que comece e remate o ciclo con ese alumnado; así como cunha redución no número de alumnos/as.

c) En ningún caso, salvo por razóns moi fundamentadas, un titor/a deberá romper a continuidade no ciclo.

6.2.6 Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.

1. Actuacións e actividades no 1º trimestre

1. Revisar e organizar a información psicopedagóxica do alumnado presente no departamento e solicitar oficialmente a información psicopedagóxica correspondente ó alumnado novo no centro. Deseñar unha ficha individualizada en soporte informático dos datos do alumnado.

Destinatario: Alumnado

Responsable: Dpto de orientación

2. Revisar co profesorado a situación do alumnado susceptible de presentar necesidade específica de apoio educativo, e realizar as avaliacións psicopedagóxicas pertinentes.

Destinatario: Alumnado, profesorado titor.

Responsable: Dpto de orientación

3. Elaborar e poñer en marcha as adaptacións curriculares significativas.

Destinatario: Alumnado, profesorado titor.

Responsable: Dpto de orientación, profesorado titor

4. Asesorar ós profesores para a realización dos reforzos educativos e sobre a metodoloxía do traballo cooperativo, dinámicas de grupo, etc., e en xeral sobre os procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares.

Destinatario: Equipo docente

Responsable: Dpto de orientación

5. Poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe: programa de estimulación oral na etapa de educación infantil, probas de agudeza visual e protocolos para a detección de deficiencias auditivas na etapa de educación infantil, probas de velocidade lectora desde 2º a 4º de educación primaria, probas de comprensión lectora en todos os cursos de educación primaria, e test BADYG en 2º e 6º cursos de educación primaria.

Destinatario: Alumnado

Responsable: Dpto de orientación

6. Os profesores de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe realizarán os apoios educativos que se determinen, tanto fóra como dentro das aulas ordinarias (durante todo o curso académico).

Destinatario: Alumnado

Responsable: Dpto de orientación, profesorado de PT, profesorado de AL.

7. Asesorar nos aspectos organizativos e pedagóxicos de atención á diversidade.

Destinatario: Equipo docente

Responsable: Dpto de orientación

8. Revisar e actualizar os recursos didácticos do departamento, en especial os materiais de

apoio na aula.

Destinatario: Dpto de orientación

Responsable: Dpto de orientación

9. Colaborar e proporcionar soporte técnico e asesoramento tanto para a avaliación inicial como para as sesións de avaliación ordinarias.

Destinatario: Equipo docente

Responsable: Dpto de orientación

10. Coordinarse con outros servizos da comunidade que atenden aspectos específicos do alumnado (sanidade, EOE, etc...)

Destinatario: Dpto de orientación

Responsable: Dpto de orientación

2. Actuacións e actividades para o 2º trimestre

1. Propoñer e coordinar as modificacións nos apoios segundo os resultados da primeira avaliación.

Destinatario: Equipo docente

Responsable: Dpto de orientación

2. Continuar co seguimento das medidas organizativas de atención á diversidade.

Destinatario: Dpto de orientación

Responsable: Dpto de orientación

3. Realizar as avaliacións psicopedagóxicas necesarias.

Destinatario: Alumnado

Responsable: Dpto de orientación

3. Actuacións e actividades para o 3º trimestre

1. Propoñer e coordinar as modificacións nos apoios segundo os resultados da segunda avaliación.

Destinatario: Equipo docente

Responsable: Dpto de orientación

2. Entregar a documentación correspondente ás medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que se pretendan pór en marcha o vindeiro curso, explicando e participando na súa cumprimentación.

Destinatario: Equipo docente

Responsable: Dpto de orientación

3. Continuar co seguimento dos alumnos que presentan necesidade específica de apoio educativo.

Destinatario: Alumnado

Responsable: Dpto de orientación

4. Levar a cabo as avaliacións psicopedagóxicas correspondentes e planificar as medidas de atención á diversidade proxectadas para o vindeiro curso.

Destinatario: Alumnado, equipo docente
Responsable: Dpto de orientación

5. Colaborar na avaliación das actividades de apoio ás dificultades de aprendizaxe.

Destinatario: Equipo docente
Responsable: Dpto de orientación

6.2.7 Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.

Ao comezo do curso reúnen os profesores tutores que remataron cun grupo e os que toman o seu relevo para intercambiar información sobre o alumnado, coa colaboración do departamento de orientación.

O departamento de orientación mantén unha xuntanza semanal dos seus membros para realizar o seguimento das actuacións emprendidas, solicitar informes psicopedagóxicos, valorar a evolución do alumnado atendido polo profesorado especialista de PT e AL, ...

Mantense igualmente unha xuntanza trimestral cos tutores dos respectivos cursos de educación infantil e primaria para facer un seguimento do alumnado atendido e presentar novas demandas.

Xuntanzas co centro ao que estamos adscritos (IES de Rodeira) para coordinar o programa de transición á ESO.

6.2.8 Canles de colaboración coas nais, pais ou tutores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.

No comezo do curso os tutores celebran unha reunión cos pais e nais do seu grupo, informándoos de todos os aspectos significativos para o correcto desenvolvemento do curso, e informando da existencia do departamento de orientación e das súas funcións.

O departamento de orientación ofrece a súa atención ás familias que así o demandan, dispoñendo para iso o horario dos martes pola tarde, de 16:30 a 17:30 horas, pero actuando coa maior dispoñibilidade posible tamén no horario de mañá co obxecto de que ningunha familia se sinta desatendida.

O centro, a través do departamento de orientación, coordina actuacións cos servizos que ofrece o concello principalmente a través da Consellería de Benestar Social, e leváanse a cabo programas como o de Escola de Familia.

6.2.9 Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.

O departamento de orientación dispón dos seguintes documentos ou protocolos:

- Documento de reforzo educativo: a cumprimentar polo profesor/a titor cando un alumno/a

non supere algunha materia nas avaliacións correspondentes.

- Solicitud de informe psicopedagógico: a cumprimentar polo profesor/a titor cando considere que un alumno/a necesita ser avaliado polo departamento de orientación.
- Autorización da familia: para levar a cabo o informe psicopedagógico dun alumno/a.
- Protocolos para seguimento interinstitucional (servizos educativos, médicos e sociais do concello de Cangas) de alumnado con diagnóstico de TDAH.
- Protocolos para a prevención e control do absentismo escolar.

6.2.10 Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan

Ao final de cada curso, o Dpto. de Orientación elaborará a Memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá as propostas de mellora. A memoria incorporárase á Memoria do Dto. de Orientación e, en consecuencia, á Memoria Anual do centro; e as propostas incluíranse na Programación Xeral Anual do curso seguinte.

Esta avaliación realizarase tendo en consideración:

- . Datos dos diferentes niveis, achegados polos coordinadores/as de ciclo.
- . Datos achegados polo profesorado de apoio (AL e PT), polo profesorado responsable do reforzo educativo e polos responsables dos distintos obradoiros.
- . Datos achegados polo equipo directivo.
- . Datos achegados polo propio orientador.
- . Grao de satisfacción do profesorado respecto das medidas de atención á diversidade.
- . Resultados obtidos polos alumnos con NEE.
- . Grao de implicación da familia.
- . Nivel de coordinación entre profesorado-familia-orientador.

O xefe do Departamento de Orientación

Asdo.:

Xosé Manuel Vidal Bouzó

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

2014-2015

CEIP A RÚA

1. ACTIVIDADES ENMARCADAS NO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1.1. Actuacións na etapa de Educación Infantil e no 1º ciclo de Educación Primaria

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN / DESTINATARIOS	RECURSOS / RESPONSABLES DA SÚA EXECUCIÓN
Actividades de acollida para os alumnos/as de nova incorporación, así como ás súas familias.	Setembro / Alumnado e familias	Plan de acollida / Profesorado titor
Reunións de acollida ós pais con participación dos titores, para intercambiar información sobre os alumnos/as e o funcionamento do centro.	Setembro-outubro / Familias	Xuntanza de inicio de curso / Profesorado titor
Consensuar as normas de convivencia para a aula co alumnado.	Setembro / Alumnado	Plan de convivencia Normas de aula / Profesorado titor
Colaborar co profesorado na recollida de información sobre o alumnado para a preparación da avaliación inicial nas etapas de Educación Infantil e Educación Primaria.	Setembro-Outubro / Profesorado titor	Protocolos de entrevistas, registros de avaliación inicial / Depto orientación
Analizar a estrutura das relacións sociais dos alumnos na aula e desenvolver actividades axeitadas para a mellora da convivencia.	1º trimestre / Profesorado titor	Plan de convivencia, Sociograma / Profesorado titor
Asesorar e orientar ás familias, de forma	Ó longo do curso /	Horario de atención ós

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN / DESTINATARIOS	RECURSOS / RESPONSABLES DA SÚA EXECUCIÓN
periódica, sobre o proceso de ensino-aprendizaxe que se está a desenvolver.	Profesorado titor	pais / Profesorado titor
Coordinar as sesións de avaliación e informar ás familias dos resultados	Ao fin de cada trimestre / Profesorado titor	Boletíns de notas / Profesorado titor
Participación na escola de pais e nais	Ó longo do curso / Familias	Concello Cangas / Dpto de orientación, Concello de Cangas
Realizar un traballo coordinado entre o profesorado dos distintos niveis, así como na coordinación entre Infantil e Primaria.	Ó longo do curso / Profesorado titor	Reunións de equipo de ciclo / Profesorado titor
Aproveitar todo tipo de celebracións (magosto, nadal,...) para fomentar a convivencia, os principios de solidariedade, cooperación, amizade e todos aqueles que caracterizan unha educación en valores.	Ó longo do curso / Alumnado	As propias celebracións / Equipo docente
Iniciación ás técnicas de estudo como instrumento necesario na mellora do rendemento académico	Ó longo do curso / Alumnado	Integrado na práctica docente / Profesorado titor
Desenvolvemento dunha autoestima positiva, coñecemento de si mesmo. Estratexias de mellora	Ó longo do curso / Alumnado	Elaboración de actividades para tal fin / Profesorado titor
Recomendacións e orientacións para o alumnado cara ás vacacións.	XUÑO / Alumnado	Xuntanza de nivel: recomendacións escritas cara o verán. / Equipo docente
Información sobre a decisión de non promoción de ciclo, no seu caso.	XUÑO / Familias	Reunión cos pais / Profesorado titor
Recomendacións para o alumnado de 3 anos de novo ingreso	XUÑO / Familias	Xuntanza, cos pais do novo alumnado, do equipo de Educación Infantil e o orientador. / Profesorado titor de EI.

1.2. Actuacións nos 2º e 3º ciclos de Educación Primaria

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN / DESTINATARIOS	RECURSOS / RESPONSABLES DA EXECUCIÓN
Actividades de acollida para os alumnos/as de nova incorporación e para os seus pais e nais.	Setembro / Alumnado e familias	Plan de acollida / Profesorado titor
Reunións de acollida ós pais con participación dos titores, para intercambiar información sobre os alumnos/as e o funcionamento do centro.	Setembro-outubro / Familias	Xuntanza de inicio de curso / Profesorado titor
Colaborar co profesorado na recollida de información sobre o alumnado para a preparación da avaliación inicial	Setembro-Outubro / Profesorado titor	Rexistros de avaliación inicial / Xefe dpto orientación
Asesorar e orientar ás familias, de forma periódica, sobre o proceso de ensino-aprendizaxe que se está a desenvolver.	Ó longo do curso / Familias	Reunións cos titores / Profesorado titor
Consensuar as normas de convivencia para a aula co alumnado.	1º trimestre / Alumnado	Asembleas de clase. Posta en común. / Equipo docente
Elección democrática dun representante de aula, segundo o procedemento que se estableza no RRI.	1º trimestre / Alumnado	Asembleas de clase / Profesorado titor
Analizar a estrutura das relacións sociais dos alumnos na aula e desenvolver actividades axeitadas para a mellora da convivencia.	1º trimestre / Profesorado titor, alumnado	Plan de convivencia, Sociograma / Xefe dpto orientación
Coordinar as sesións de avaliación e informar ás familias dos resultados	Ao fin de cada trimestre / Familias	Boletíns de notas / Profesorado titor
Realizar un traballo coordinado entre o profesorado dos distintos niveis e ciclos.	Ó longo do curso / Equipo docente	Reunións de equipo de ciclo / Equipo directivo
Aproveitar todo tipo de celebracións (magosto, nadal,...) para fomentar a convivencia, os principios de solidariedade, cooperación, amizade	Ó longo do curso / Alumnado	As propias celebracións / Equipo docente

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN / DESTINATARIOS	RECURSOS / RESPONSABLES DA EXECUCIÓN
e todos aqueles que caracterizan unha educación en valores.		
Traballar na aula as técnicas de estudo como instrumento necesario para a mellora do rendemento académico.	Ó longo do curso / Alumnado	Bibliográficos / Profesorado tutor
Orientación académica profesional cos alumnos de 6º nivel.	2º TRIMESTRE / Alumnado	Xuntanza informativa / Dpto orientación
Orientación académica profesional cos alumnos de 6º nivel.	3º TRIMESTRE / Alumnado e familias	Visita ó IES. / Depto orientación
Recomendacións e orientacións para o alumnado cara ás vacacións.	XUÑO / Alumnado	Xuntanza de nivel: recomendacións escritas cara o verán. / Equipo docente
Información sobre a decisión de non promoción de ciclo, no seu caso.	XUÑO / Familias	Reunión cos pais / Profesorado tutor

1.3. Actuacións centradas no Equipo docente

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN / DESTINATARIOS	RECURSOS / RESPONSABLES DA EXECUCIÓN
Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción tutorial.	Ao longo do curso / Equipo directivo	Reunións / Depto de orientación
Reunións iniciais na CCP e de tutores para a revisión e seguimento do PAT	1º trimestre / Profesorado tutor	Reunións de coordinación / Depto de orientación

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN / DESTINATARIOS	RECURSOS / RESPONSABLES DA EXECUCIÓN
Xornadas de acollida de titores para asesorar sobre as responsabilidades e tarefas da función titorial.	1º trimestre / Profesorado titor	Reunións de coordinación / Depto de orientación
Elaboración por parte do departamento de orientación de materiais e recursos para a carpeta do titor, de xeito que faciliten o seu labor.	Ó longo do curso / Profesorado titor	Bibliográficos / Dpto de orientación
Colaborar cos titores doutro nivel e/ou ciclo para revisar obxectivos, elaborar material, preparar actividades	Ó longo do curso / Equipo docente	Xuntanzas de coordinación de nivel e/ou ciclo / Equipo directivo
Transmisión de información a tódolos profesores que inciden no grupo de alumnos, recollendo as opinións e propostas dos mesmos.	Ó longo do curso / Equipo docente	Reunións xuntanza trimestrais. / Profesorado titor
Revisión do Plan de Acción Titorial	Ó longo do curso / Profesorado titor	Xuntanzas de ciclo, nivel e claustro. / Profesorado titor e Depto de orientación
Participación do orientador nas sesións de avaliación e colaboración co profesorado na reflexión e valoración dos resultados.	Ó longo do curso / Equipo docente	Xuntanzas de ciclo. / Depto de orientación
Asesoramento na decisión sobre a promoción ou permanencia	3º trimestre / Equipo docente	Criterios de promoción e permanencia. / Depto de orientación
Participar e proporcionar materiais para a avaliación da acción titorial e dos programas desenvolvidos	3º trimestre / Profesorado titor	Rexistros, cuestionarios... / Depto de orientación

2. ACTIVIDADES ENMARCADAS NO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

2.1 Actuacións e actividades no 1º trimestre

1. Revisar e organizar a información psicopedagóxica do alumnado presente no departamento e solicitar oficialmente a información psicopedagóxica correspondente ó alumnado novo no centro. Diseñar unha ficha individualizada en soporte informático dos datos do alumnado.

Destinatario: Alumnado
Responsable: Dpto de orientación

2. Revisar co profesorado a situación do alumnado susceptible de presentar necesidade específica de apoio educativo, e realizar as avaliacións psicopedagóxicas pertinentes.

Destinatario: Alumnado, profesorado titor.
Responsable: Dpto de orientación

3. Elaborar e poñer en marcha as adaptacións curriculares significativas.

Destinatario: Alumnado, profesorado titor.
Responsable: Dpto de orientación

4. Asesorar ós profesores para a realización dos reforzos educativos e sobre a metodoloxía do traballo cooperativo, dinámicas de grupo, etc., e en xeral sobre os procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares.

Destinatario: Equipo docente
Responsable: Dpto de orientación

5. Poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe: programa de estimulación oral na etapa de educación infantil, probas de agudeza visual e protocolos para a detección de deficiencias auditivas na etapa de educación infantil, probas de velocidade lectora desde 2º a 4º de primaria, probas de comprensión lectora en todos os cursos de primaria, test BADYG en 2º e 6º cursos de educación primaria.

Destinatario: Alumnado
Responsable: Dpto de orientación

6. Os profesores de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe realizarán os apoios educativos que se determinen, tanto fóra como dentro das aulas ordinarias (durante todo o curso académico).

Destinatario: Alumnado
Responsable: Dpto de orientación, profesora de PT, profesor de AL.

7. Asesorar nos aspectos organizativos e pedagóxicos de atención á diversidade.

Destinatario: Equipo docente
Responsable: Dpto de orientación

8. Revisar e actualizar os recursos didácticos do departamento, en especial os materiais de apoio na aula.

Destinatario: Dpto de orientación
Responsable: Dpto de orientación

9. Colaborar e proporcionar soporte técnico e asesoramento tanto para a avaliación inicial como para as sesións de avaliación ordinarias.

Destinatario: Equipo docente
Responsable: Dpto de orientación

10. Coordinarse con outros servizos da comunidade que atenden aspectos específicos do alumnado (sanidade, EOE, etc...)

Destinatario: Dpto de orientación
Responsable: Dpto de orientación

2.2. Actuacións e actividades para o 2º trimestre

1. Propoñer e coordinar as modificacións nos apoios segundo os resultados da primeira avaliación.

Destinatario: Equipo docente
Responsable: Dpto de orientación

2. Continuar co seguimento das medidas organizativas de atención á diversidade.

Destinatario: Dpto de orientación
Responsable: Dpto de orientación

3. Realizar as valoracións psicopedagóxicas necesarias.

Destinatario: Alumnado
Responsable: Dpto de orientación

2.3. Actuacións e actividades para o 3º trimestre

1. Propoñer e coordinar as modificacións nos apoios segundo os resultados da segunda avaliación.

Destinatario: Equipo docente
Responsable: Dpto de orientación

2. Entregar a documentación correspondente ás medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que se pretendan pór en marcha o vindeiro curso, explicando e participando na súa cumprimentación.

Destinatario: Equipo docente
Responsable: Dpto de orientación

3. Continuar co seguimento dos alumnos que presentan necesidade específica de apoio educativo.

Destinatario: Alumnado
Responsable: Dpto de orientación

4. Levar a cabo as avaliacións psicopedagóxicas correspondentes e planificar as medidas de atención á diversidade proxectadas para o vindeiro curso.

Destinatario: Alumnado, equipo docente
Responsable: Dpto de orientación

5. Colaborar na avaliación das actividades de apoio ás dificultades de aprendizaxe.

Destinatario: Equipo docente
Responsable: Dpto de orientación